

LITERATURA E ARTE. PAISAXES DO BALEIRO

Aurora Marco

Máis alá das persoas e da súa presenza, máis alá das cousas e da súa realidade, sempre se agacha algo. Imaxinar ese algo inconcreto, captar esa transcendencia, apreixar ese espírito que latea envolto nun halo de misterio, apreender ese mundo de suxerencias, velaí o universo que conforman estas Paisaxes do baleiro.¹ Un universo que se traduz en síntese harmoniosa de dúas artes que aquí se dan a man: a poesía e o grabado. “*A obra de arte —dixera Malraux— non se crea só a partir da visión do artista, senón de maneira mui particular en relación con outras obras*”. O binómio literatura-arte plástica ten, neste cartafol de que falamos, un grande rendimento porque o poema, en expresión feliz de Luís Seoane, é unha especie de extensión descritiva da obra pintada, debuxada ou, como neste caso, grabada.

E que son estas *Paisaxes do baleiro*? Son a feliz conxunción de dous mundos artísticos que, utilizando dúas linguaxes diferentes, comunican con grande expresividade un universo povoado de siléncios, de futuros incertos, de amores serenos, de sombras e friaxe, de segredos e soños, do renacer á vida... Un mundo de luz e escuridade. E todo a confluír nun equilibrio estábel, fluído, fascinante, como a vida mesma. A través dos poemas de Eva Veiga “pintora” das palabras, o verso adquire unha forza especial, veste-se de gala, fai-se rexo mais sereno á vez. Poesía auténtica de Eva Veiga, que impregna as palabras dun sentido novo. Feminina interpretación duns motivos, nun tempo concreto, que transmiten unha mensaxe esperanzadora: “*Só a esperanza é lentura*”, di a poeta.

Trata-se dun poemário breve —dez composicións ao todo— escrito desde a sobriedade, sen concesións á palabra fácil nen achegamentos a modas literarias ou grupos poéticos. Cando nos debruizamos na lectura de poesía, podemos disfrutar da súa cadencia, da súa rima, do seu ritmo, do seu contido, da súa mensaxe... Estes últimos aspectos son os que, na nosa opinión, salientan nos poemas de *Paisaxes do baleiro*: É esta unha poesía fortemente conceptual (e mesmo algo hermética), espida do ornamento fácil, inquietante por veces mais absolutamente persoal e orixinal. Poesía forte, rexa, escrita, sen embargo, desde a serenidade e o sosego. É unha poesía que non nos deixa indiferentes.

A literatura, e desde logo a crítica literaria (ou artística), segue con frecuencia alimentando-se de tópicos. Por iso non sería de extrañar que alguén dixese deste poemário que está escrito por *un poeta* de altos vóos (e subliño este masculino). Porén, é unha voz feminina, unha voz de muller, a que de novo ven insistir, cos seus poemas, na idea exprimida naqueles versos con que Rosalia iniciaba o seu libro *Follas Novas*: “*Daquelas que cantan as pombas e as frores / todos din que teñen alma de muller / pois eu que n’as canto Virxe da Paloma*”

¹ Veiga, E., e Costa, A., *Paisaxes do baleiro*, A Coruña, 1994. Cartafol de dez poemas de Eva Veiga e dez gravados de Alfonso Costa.

/ ¿ai!, ¿de que a terei?". Rosalía neste seu segundo libro non cantou, efectivamente, às pombas e às frores facendo, pola contra, un tipo de poesía fortemente enraizada en problemas existenciais e metafísicos. Eva Veiga tampouco canta as pombas e as frores e, desde logo, ten alma de muller e tamén de poeta. Esta é a impresión que experimentamos ao ler os seus poemas. E a nosa percepción é que estamos diante dunha das voces máis singulares da poesía galega actual. Escritora nova, con produción non moi extensa polo momento, apenas dous poemários, alén das composicións espalladas por outras publicacións, Eva Veiga revela-se-nos hoxe, dentro do panorama literario galego, como unha poeta mui persoal que entrou no mundo das letras con paso decidido e seguro hai dous anos cando se lle outorgou un accésit do Prémio Esquío (un dos máis prestixiosos) polo seu primeiro libro publicado, *Fuxidíos*, onde se centraba nun tema moi poético: o paso do tempo, o seu discorrer e a retención na memoria das emocións vividas, invitando-nos a participar ao mesmo tempo do futuro...

Agora, nos poemas deste cartafol, move-se o ser humano coa suas incertezas, cos seus temores cos seus siléncios (o silencio preside algúns dos poemas da carpeta: preside o riso e o pranto e tamén o amor) e move-se contemplando como a existencia de cada un, de cada unha, cumpre un rito, pasa en silencio, abrazando a vida (é "*o abrazo redondo*" de que nos fala a poeta). E está tamén o vértigo e a inquietude perante o futuro. E están os sonhos ("*Soñar é a extrema tentación de confundirse*", di ela) e o amor silencioso ("*en silencio se ama, mais non a chama accesa senón o seu baleiro*").

Luz e escuridade, pois, presiden estes versos da escritora. Mais, se ao lusco-fusco segue a noite, tamén à noite, sabemo-lo, sucede-lle un novo día: é o mencer da esperanza a nota final, a pincelada final deste poemário: "*So a esperanza é lentura. Todo o demais xa pasou*".

Este concerto de palabras ten a sua apoiatura perfecta nos grabados de Alfonso Costa, unha das nosas grandes voces "líricas" da pintura galega, da pintura actual, do grabado. Dez grabados o desta carpeta onde dialogan os ocres, os azuis, os vermellos e grisáceos, os brancos e amarelos, que transmiten forza, intensidade e, tamén, tensión lírica. Costa, cun domínio asombroso do buril, conduce-nos por estas *Paisaxes do baleiro* con man sábia, coa vontade de reducir a expresión visual o sentir poético de Eva Veiga. Eses trazos, eses perfis humanos, ese cromatismo, afondan na dimensión poética que a autora buscaba.

Costa, personalidade multifacética, leva traballando no mundo das artes plásticas desde 1967, data da sua primeira mostra pictórica e ten cultivado o debuxo, a pintura, o grabado, a escultura en pedra, o deseño de xoias de prata, o esmalte, o mural, a ilustración de libros... É un artista en constante experimentación e investigación, en constante procura de novas fórmulas, de novos recursos, de novos achados, de novas técnicas. Nada é estático na sua obra. É, o seu, un mundo dinámico e inconfundíbel. Aínda que os estudosos e estudosas da sua arte pretenden ver nel influencias do surrealismo ou da neofiguración, afinal sempre conclúen indicando o difícil encasillamento deste pintor, deste grabador, deste muralista, "indiscutíbelmente seu", que ocupa hoxe un sitio preferente na historia da pintura, do grabado, da plástica contemporánea. A sua poderosa e inconteníbel creatividade leva-o a ocupar-se de temas de actualidade, consciente de que vive nun mundo problemático: a guerra, a ecoloxia, problemas humanos de diversa índole son realidades visíbeis na sua obra. É,

pois, un artista apegado à realidade de hoxe. Mais todo combinado coa súa desbordante imaxinación e fantasía. Daí que se refiran a el como o “Cunqueiro das artes plásticas”. Porque outra das características da súa arte é a galeguidade. Aínda que formado en Cataluña, nutre-se das eséncias do ser e sentir galegos o que se palpa facilmente nos seus cuadros.

Temos, portanto, o grabador a trasladar-nos unha mensaxe, mais temos tamén o aspecto puramente artístico que nos leva ao deleite da obra ben feita, de tal xeito que, mesmo sen penetrar na súa temática ou no que el desexa transmitir-nos, ao contemplar o seu traballo non precisamos máis que da sensibilidade propia de toda persoa perante a obra de arte ben realizad.

Maybe Alfonso Costa é mais valorado como pintor. Sen embargo, ao lado do pintor excepcional está o grabador. Anteriormente fixera diferentes séries: a carpeta de augafortes *Longa noite de pedra*, *Tempo de Compostela e Compostela*, ambos con poemas de Salvador García Bodaño, *A illa verde*, con poemas de amigos seus, por citar só algunhas mostras da nosa realidade, da nosa cultura, porque tamén fixo outras séries fora de Galiza.

Esta carpeta que hoxe comentamos é, na nosa opinión, unha das séries máis logradas dentro da súa obra artística: unha poesía tan fondamente sentida, tan fondamente expresada como a de Eva Veiga, acha o seu complemento perfecto nos dez grabados de Alfonso Costa que son unha caricia visual para estes poemas. A liña, a cor, fai-se lírica de tan pura e sutil. A comprensión total dos poemas hai que procurá-la nas imaxes de Costa. Algunhas poesías semellan cadros e nos grabados de Costa hai indudábeis valores poéticos, porque este artista noiés tamén é poeta. Trata-se aquí da integración das artes, neste caso a literatura e o grabado.

Saúdemos con ledízia obras como esta e debrucemo-nos en gozosa lectura-visualización para disfrutar das imaxes, non exentas de certa tensión metafísica, desta sinfonía que dous artistas, Eva e Alfonso, Alfonso e Eva, dotados de grande sensibilidade, nos ofrecen nestas Paisaxes que eu chamaria da Plenitude, esquecendo por un instante o metafórico “baleiro” que anúncia o título.